

D^a MÓNICA PICHEL GARCÍA, SECRETARIA DO CONCELLO DE PORTO DO SON (A CORUÑA)

CERTIFICO: Que en sesión da Xunta de Goberno Local extraordinaria celebrada en data de **02/05/2024** adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

Expediente: 71/2024

Asunto: Aprobación do expediente de contratación do Contrato de servizos de asistencia técnica, redacción do proxecto, dirección obra e coordinación de seguridade e saúde para execución de “Mellora eficiente do alumado público do Concello de Porto do Son nas parroquias de Baroña, Caamaño, Xuño, Muro, Noal, Nebra, Goians y Miñortos. Fase 3.”

Pola secretaria dáse conta da proposta de Alcaldía que a continuación se transcribe:

“PROPOSTA Á XGL

Asunto: Aprobación do expediente de contratación do Contrato de servizos de asistencia técnica, redacción do proxecto, dirección obra e coordinación de seguridade e saúde para execución de “Mellora eficiente do alumado público do Concello de Porto do Son nas parroquias de Baroña, Caamaño, Xuño, Muro, Noal, Nebra, Goians y Miñortos. Fase 3.”

Expediente: 71/2024

Mediante expediente con referencia 71/2024, tramitase o expediente de contrato de servizos de asistencia técnica, redacción do proxecto, dirección obra e coordinación de seguridade e saúde para execución de “Mellora eficiente do alumado público do Concello de Porto do Son nas parroquias de Baroña, Caamaño, Xuño, Muro, Noal, Nebra, Goians y Miñortos. Fase 3.” Contrato cofinanciado polo IDAE no Marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia-financiando pola Unión Europea NextGenerationEU (referencia BDNS ID: 578594) Programa DUS 5000. Medida 4: Loía contra a contaminación lumínica, alumado eficiente e intelixente (BOE número 185 de 4.08.2021)

Vista a documentación que integra o expediente:

1. Informe xustificativo da necesidade de celebración do contrato asinado pola Alcaldía en data de 15/04/2024
2. Providencia de incoación do expediente de contratación de 16/04/2024.
3. Declaracións de código de conducta asinadas polo Alcalde e empregados públicos participantes na tramitación do expediente conforme aos principios e estándares recollidos no Código de bo goberno local da FEMP (BOP nº 18 de 25 de xaneiro de 2019) e de acordo co establecido no PREMADECOR (BOP nº 125 de 4 de xullo de 2022) ao que está adherido o Concello de Porto do Son segundo acordo plenario de 17 de agosto de 2022.
4. DACIS do Alcalde (en calidade de órgano de contratación competente para a incoación, aprobación, e adxudicación do expediente de licitación).
5. DACIS dos empregados públicos intervinentes no expediente de contratación (sen perxuízo das que se emitan polos membros da Mesa de Contratación no momento oportuno da licitación).
6. RC polo importe da licitación.
7. Prego de Prescricións técnicas asinados o 19/04/2024
8. PCAP con criterios de adxudicación de valoración automática asinados con data 19/04/2024
9. Informe de secretaría favorable con observacións de data 19/04/2024



10. Remisión en data de 26/04/2024 dos documentos anteriores, en aplicación da delegación de funcións e competencias referidas á aplicación do PREMADECOR, delegación efectuada por acordo do Pleno do Concello de Porto do Son en sesión de 17/08/2022 (BOP nº 214 de 11/11/2022) aos efectos do análise de riscos.

11. Informe con rexistro de entrada o 26/04/2024 emitido polo Interventor adxunto de análise previa de riscos no expediente de referencia numero 71/2024 que conclúe que non se aprecia a concorrencia de ningún indicador de risco, e se entende que o Concello pode continuar co procedemento, coa incorporación ao expediente dunha serie de actuacións (plan de acción).

12. Informe da Interventora municipal, de data 30/04/2024 , coas observacións indicadas no mesmo.

Se incorpora ao expediente os modelos de declaracións de código de conducta (DACIS) para ser asinados, antes da aprobación do expediente, polos integrantes da Xunta de Goberno Local (cargos políticos e funcionarios).

Ao abeiro do disposto no artigo 117 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, en relación coa DA II da mesma lei, e de conformidade coa resolución de alcaldía núm. 806/2023, de 2 de xullo (BOP nº 142, de 27 de xullo de 2023), pola que se delega na Xunta de Goberno Local a competencia para “13. As competencias da Alcaldía como órgano de contratación para as contratacións de obras, subministracións, servizos, contratos de concesión de obras, contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado non supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía dos seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada (...)”, no presente contrato atopámonos no citado suposto.

Visto canto antecede, **proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:**

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado con múltiples criterios de adxudicación e tramitación ordinaria do contrato de servizos de asistencia técnica, redacción do proxecto, dirección obra e coordinación de seguridade e saúde para execución de “Mellora eficiente do alumeadado público do Concello de Porto do Son nas parroquias de Baroña, Caamaño, Xuño, Muro, Noal, Nebra, Goians y Miñortos. Fase 3

Segundo.- Aprobar o prego de prescripcións técnicas e o prego de cláusulas administrativas particulares reguladores do contrato asinados pola Alcaldía en data 19/04/2024 e que obran no expediente 71/2024.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe de 14.520€ (12.000,00€ máis 2.520,00€ en concepto de Ive) con cargo a aplicación orzamentaria 165.61900 (Proxecto de Gasto 2024-2-I-9) do orzamento municipal e coa seguinte desagregación:

FASE	Orzamento sen ive	Orzamento ive incluído
Redacción proxecto técnico de execución	7.000,00 euros	8.470,00 euros
Dirección de obra	4.000,00 euros	4.840,00 euros
Coordinación de seguridade e saúde	1.000,00 euros	1.210,00 euros



Cuarto.- *Publicar o anuncio de licitación na plataforma de contratación do sector público e no perfil do contratante con toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas."*

Sometida a votación a proposta de acordo antes transcrita, **APRÓBASE** por **unanimidade** dos 4 membros presentes.

E para que así conste, e aos efectos oportunos, expido o presente certificado co visto e praxe do Sr. Alcalde- Presidente, en Porto do Son na data da sinatura dixital que figura ao marxe, certificado que se emite a expensas do que resulte da aprobación da correspondente acta conforme ao previsto no artigo 206 do RD 2568/1986, do 28 de novembro.

A SECRETARIA,
Asdo. Mónica Pichel García.

VISTO E PRACE
O ALCALDE- PRESIDENTE,
Asdo.: José Luís Oujo Pouso.

